



Usnea florida (L.) F.H. Wigg.

Na ficha número 7 xa indicamos como reconecer o xénero *Usnea*.

Usnea florida medra nos troncos e polas das árbores, polo xeral caducifolias (fotos 1,2), tamén podemos atopalo en polas mortas caídas ou mesmo no solo, cando os exemplares caen pola forza do vento. Qústanlle a luz e as zonas co ar limpo.

Os talos fruticulosos, de 2 a 10 cm de longo e de cor verde claro, presentan numerosas fibríñas e papilas e carecen de isidios e sorais. O carácter que marca a diferenza das especies próximas é a presenza de apotecios (fotos 3, 4). Estes son terminais (foto 4) e laterais, da mesma cor do talo, de 2-11 mm de diámetro e rodeados de numerosas e longas fibríñas (fotos 3, 4 detalle).

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: En Europa hai dous quimiotipos: 1, medula K⁺ amarelo, P⁺ laranxa; 2, medula K⁻, P⁻.